



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

En cumprimento do indicado no artigo 11.3.b da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, faise público que en data 05 de agosto de 2022, asinouse polos alcaldes dos Concellos de Alfoz e o Valadouro o:

CONVENIO DE COOPERACION HORIZONTAL PARA ORGANIZACION DO EVENTO DEPORTIVO: CARREIRA POPULAR ALFOZ- VALADOURO EDICION 2022 E SEGUINTES.

No Concello de Alfoz, a 05 de agosto de 2022.

REUNIDOS,

Os Sr Alcaldes dos seguintes concellos:

- CONCELLO DE ALFOZ : JORGE VAL DIAZ
- CONCELLO DE O VALADOURO : EDMUNDO MASEDA MASEDA.

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal nos termos previstos neste artigo.

No apartado segundo indícase que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

l) Promoción del deporte e instalacións deportivas y de ocupación del tempo libre.

Segundo.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación.

Terceiro.- De conformidade cos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, as relacións de colaboración e cooperación entre as administracións locais de Galicia poderán realizarse mediante a subscrición de convenios.

Cuarto.- Os Concellos de Alfoz e Valadouro están interesados na organización conxunta do evento deportivo intermunicipal CARREIRA POPULAR ALFOZ- VALADOURO, que terá a súa primeira edición no ano 2022, pero con continuidade nos anos vindeiros, establecéndose de forma alterna a responsabilidade na organización do evento en canto á tramitación dos permisos e autorizacións que sexan precisos, así como as licitacións dos servizos, sinaturas de convenios de mecenazgo, publicidade, solicitude de colaboración de outras entidades correspondendo a cabeceira de xestión da edición do ano 2022 ao Concello de Alfoz.

Quinto.- Co presente convenio horizontal de colaboración se formula e artella o réxime de participación de ambas entidades locais en termos de eficiencia, economía, aforro de costes e mellora da sostenibilidade financeira de ambas entidades.

Sexto.- Faise preciso a aprobación dun convenio de colaboración que, nos termos indicados, regule a forma de coordinación do evento deportivo, optimizando os recursos económicos, materiais e humanos de ambos Concellos e a protección do patrimonio público de ambos concellos vencellados ao fomento da actividade deportiva.

Sétimo- - Por todo o anterior ambos concellos asinantes subscriben

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACION HORIZONTAL PARA A ORGANIZACION DO EVENTO DEPORTIVO: CARREIRA POPULAR ALFOZ- VALADOURO EDICION 2022 E SEGUINTEs segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Natureza e obxecto .-

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Cómprese as condicións ditadas ao efecto polo parágrafo 1º do citado artigo na medida en que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Se entende que o Convenio é amparable nos réximes de sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público conforme o artigo 31,1 da Lei 9/2017.

Na medida en que ambas administracións actúan ostentando competencias propias conveniendi causa, non é de aplicación a lei xeral de subvencións .

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do evento de fomento do deporte CARREIRA POPULAR ALFOZ-VALADOURO na súa primeira edición, anualidade 2022, e seguintes.

Segunda.- Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial será o correspondente ós termos municipais de ALFOZ e O VALADOURO .

Na I Edición, prevista para o día 10 de setembro de 2022, a saída será desde o Castelo de Castrodoiro (Alfoz) onde ás 9:00h se fará entrega dos dorsais, facéndose a saída absoluta ás 10:30h. O percorrido será de 7km nos termos municipais de Alfoz e Valadouro, onde rematará á categoría absoluta e se levará a cabo tamén a saída das categorías de menores, sobre ás 11:50h que percorreren as distancias correspondentes no entorno do Pavillón Municipal do Valadouro onde se ubica o punto de chegada para todos e todas as participantes.

Para o ano 2023 a saída será dende o Concello de Valadouro e a chegada será no Concello de Alfoz, nas mesmas instalacións deportivas indicadas ou calquera outra que de propiedade municipal se entenda afecta á organización do evento para a súa mellor execución.

Terceira .- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a continuidade da prestación do evento de fomento da saúde pública e do deporte en termos de economicidade e sostenibilidade financeira.
- Minorar os custos antieconómicos da organización illada desde tipo de evento deportivo.
- Garantir o acceso dos veciños de ambos concellos de actividades e uso de instalacións deportivas de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada,
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa,
- Valorizar os recursos dispoñibles,
- Garantir a consecución do fin común de optimización dos bens de dominio público.

Cuarta .-Reparto de actuacións.

A organización bilateral do evento deportivo axustarase ao seguinte reparto de actuacións, que se realizará anualmente de forma alterna, asumindo no exercicio 2022 a cabeceira da xestión organizativa o Concello de Alfoz .

A) CONCELLO CABECEIRA DE XESTIÓN ORGANIZATIVA.

O Concello que alternativamente asuma a cabeceira de xestión organizativa asume as seguintes actuacións :

- Tramitar as solicitudes de subvencións que convoquen as Administración Autonómica ou Provinciais para o cofinanciamento do evento deportivo a través das distintas liñas de axudas, convenios ou peticións de colaboración ás que se poida concorrer, así como efectuar, unha vez concedida todos os trámites que estableza como obrigatorios a Orde que regule cada convocatoria, ou os convenios a asinar, e que en principio, e sen ánimo de exhaustividade, serán: solicitudes de subvención, cumprimentación de requerimentos, procesos de licitación de servizos e/ ou subministrados, presentar e liquidar as declaracións oportunas en prazo, xustificación da subvención e reintegro, no seu caso.

- Asumir o 50 % dos costes totais xerados que non sexan subvencionables .
- Asumir o coste dos seguros de responsabilidade civil que se teñan que subscribir ou cubrir con cargo á poliza xeral xa vixente, no seu caso, como organismo organizador para calquera eventualidade que se poida derivar da organización do evento o durante a execución ou participación na mesma.
- Tramitar expedientes de licitación dos contratos de subministro e ou servizos que sexa preciso para a celebración do evento deportivo, cumprindo o establecido na lei 9/2017, de contratos do Sector Público, recabando ofertas de alomenos tres empresas cualificadas do sector de ser posible , asumindo o 50 % dos costes que se deriven das citadas licitacións.
- Tramitar a obtención dos permisos e autorizacións que a normativa sectorial, ben deportiva (por tratarse de probas deportivas que discorra por máis dun termo municipal) ou de protección de vías públicas ou de outro tipo (Patrimonio Natural, Augas de Galicia...) .
- Tramitar e formalizar os correspondentes convenios de mecenazgo de conformidade co artigo 25 da Lei 49/2002, en termos de eficiencia económica.
- Con alomenos tres meses de antelación á celebración do evento, o Concello organizador de cabeceira remitirá ao concello coorganizador unha Memoria ou Proxecto do evento para a edición correspondente, con proposta de data de celebración, percorrido, medios necesarios a vincular, previsión de costes e cantos extremos resulten precisos en aplicación do presente Convenio.

B) CONCELLO COORGANIZADOR .

O Concello coorganizador asume as seguintes actuacións :

- Prestar conformidade e abonar as liquidacións anuais de costes derivadas da organización do evento na súa correspondente anualidade (50 % dos costes totais non subvencionados), no período máximo de trinta días naturais dende a súa recepción; no caso de existir discrepancia ou rexeiramento con respecto dalgún dos documentos acreditativos do gasto que xustifiquen a liquidación referida, deberá ser notificada fehacientemente á Alcaldía do Concello organizador de cabeceira no prazo de cinco días naturais dende da súa recepción, debéndose facer o pago parcial sobre a cantidade non obxecto de controversia no prazo indicado.
- Remitir, unha vez recibido o Proxecto correspondente á Edición que corresponda, certificado de existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente e retención de crédito polo 50 % do coste total previsto a modo de compromiso firme de aportación ao financiamento do evento.

As discrepancias resolveranse pola Alcaldía do Concello organizador de cabeceira por procedemento contradictorio ao que se incorporará informe, no seu caso, do concelleiro responsable da área de deportes sobre a vinculación do coste co mesmo e, no seu caso, da Secretaría-Intervención da Corporación sobre a aplicación dos termos do presente Convenio.

C) DISPOSICION DE MEDIOS POR AMBOS CONCELLOS .

Ambos Concellos se comprometen a poñer a disposición da organización do evento deportivo nas súas respectivas edicións os seguintes medios:

1.-MEDIOS MATERIAIS:

1.A.-Instalacións:

- Castelo de Castrodouro (Alfoz): exterior .
- Pavillón Municipal de Alfoz: espazo interior para avitaullamento, vestiarios e duchas.
- Piscina Municipal de Alfoz: vestiarios e duchas.
- Pavillón Municipal do Valadouro: espazo interior para avituallamento, vestiarios e duchas.
- Piscina Municipal do Valadouro: vestiarios e duchas
- Ximnasio Municipal do Valadouro: vestiarios e duchas

1.B.- Equipamento e material:

- Ambulancia (servizo a contratar).
- Botiquíns de primeiros auxilios
- Altosfalantes , micrófonos e equipos de son (de propiedade municipal ou en aluguer).
- Mesas e bancos
- Camisetas e dorsais (a licitar o seu subministro)
- Arco de meta (a licitar)
- Material funxible: bolígrafos, folios,

Avituallamento: auga, bebidas isotónicas, froitas, bocadillos. En todo caso trataráse de bebidas sen alcohol e preferiblemente produtos saudables (sen bolería industrial).

Trofeos e medallas (a licitar)

Podio gañadores

Cartelería e dípticos informativos (a licitar).

2.- MEDIOS PERSOAIS:

- Persoal municipal de ambos concellos para organización: colocación mesas, limpeza, labores administrativas, difusión en RRSS, webs municipais, grupos de difusión, etc.

Concellalías de Deportes de Alfoz e O Valadouro: organización do evento, entrega de premios, etc.

Colaboradores para asesoramento en organización

Colaboración de Protección Civil: control de seguridade no traxecto da carreira

Procurarase a participación de entidades sen ánimo de lucro de trascendencia en materia de saúde, como a Asociación contra o Cancro, fomentando a vinculación do evento cunha actividade social solidaria.

Os produtos consumibles sobrantes, especialmente os perecederos, serán repartidos de forma proporcional entre as vivendas comunitarias/centros de maiores de ambos Concellos e /ou aos Bancos de alimentos xestionados polos respectivos Servizos Sociais de ambos concellos.

ASPECTOS EXCLUIDOS DO PRESENTE CONVENIO

Na medida en que non se altera a competencia municipal de cada concello intervinente, queda excluído do ámbito do presente convenio os custos de mantemento e limpeza das instalacións, asumindo cada concello os custos de subministrados de luz, produtos químicos, produtos de limpeza, a propia limpeza das instalacións etc que serán xestionados por cada concello dentro da súa autonomía decisoria.

Quinta .- Subvencións e axudas.-

Para a mellor economicidade das distintas edicións do evento deportivo coorganizado por ambos concellos, poderanse tramitar solicitudes de cantas axudas e subvencións ou subscripción de Convenios poidan concorrer, de maneira individual ou conxunta, complementándose o presente convenio coas cláusulas que no seu caso contemplan os convenios que se deban asinar para o cumprimento das condicións das ordes de convocatorias ou convenios.

Igualmente, o concello cabeceira de organización poderá subscribir cantos convenios de mecenazgo sexan posibles e garden relación co fomento do deporte e promoción de hábitos de vida saudable.

Sexta .- Financiamento. Obrigas e compromisos financeiros -

Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do evento deportivo nas súas sucesivas edicións.

As obrigas económicas asumidas polas partes, será en principio o 50 % da totalidade dos custos derivados do mesmo que non sexan cofinanciados por outras Administracións ou entidades de carácter público ou privado.

A tales efectos, ambos Concellos comprométese a distribuír temporalmente por anualidades referidas a exercicios económicos de devengo coincidente co ano natural, as obrigas e compromisos económicos que se deriven da execución do presente convenio, procurándose evitar na medida do posible a imputación orzamentaria de créditos en diferentes exercicios.

O Concello de Alfoz e o Concello de O Valadouro comprométese a efectuar consignacións orzamentarias adecuadas e suficientes nas correspondentes partidas de gastos correntes dos seus respectivos Orzamentos municipais a fin de garantir a sustentabilidade económica do servizo, de conformidade coa lexislación orzamentaria vixente en cada momento.

Dentro do mes seguinte á realización de cada edición da proba deportiva, o Concello cabeceira de organización deberá remitir ao outro concello organizador unha conta xustificativa do coste do evento, composta cando menos de Memoria xustificativa e económica do exercicio, coa liquidación anual do coste do mesmo e, no seu caso, e con declaración de axudas percibidas , no seu caso.

Para o exercicio de 2022 os custos inicialmente previstos serán de 3.706,34 euros, IVE engadido, conforme ao proxecto asinado pola Alcaldía en data 12 de xuño de 2022.

Para sucesivas edicións, alomenos con tres meses de antelación á celebración do evento, o Concello organizador de cabeceira remitirá ao concello coorganizadora Memoria ou Proxecto para que se poida realizar a correspondente retención de crédito, que será comunicado ao outro Concello a modo de compromiso firme de aportación.

Sétima.- Consecuencias ao incumprimento.

No suposto de que calquera dos Concellos incorran en incumprimento de algunha das obrigas e compromisos recollidos no presente Convenio que afecten de maneira directa ou indirecta á correcta prestación do evento, reparto financeiro de costes iniciárase procedemento contraditorio no que se exporán os supostos de incumprimento, a avaliación económica dos mesmos e a implicación negativa na colaboración horizontal recollida no presente Convenio.

No suposto de que o incumprimento se refira a obrigas de declaracións tributarias, o Concello que tivera asumido o compromiso da súa realización asumirá as cantidades das sancións que no seu caso de liquiden e apliquen.

No suposto de que o incumprimento se refira a prazos de abono de liquidacións, efectuaranse liquidación de indemnización por intereses de demora aplicando o tipo legal que no seu caso se estableza, sempre e cando o retraso supere o dobre do prazo inicialmente concedido para o seu abono.

Octava.- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control. –

Con independencia dos procedementos contraditorios de resolución de discrepancias indicados no presente convenio, establécese que se formará unha Comisión de Seguimento, formado polos Alcaldes e concelleiros de deportes de ambos Concellos, que celebrarán reunións de maneira alterna nas sedes dos respectivos Concellos, asistidos no seu caso pola Secretaría-Interventora do Concello cabeceira.

Celebrarán as súas reunións no prazo máximo de dez días hábiles dende a convocatoria da mesma por calquera dos representantes do Concello, e poderán recabar a asistencia do persoal vinculado ao servizo de ser preciso. Na convocatoria especificarase a orde do día e o asunto a dirimir.

Corresponde á citada Comisión a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan plantexarse da execución deste convenio.

Novena.- Réxime de modificación .-

A modificación do presente Convenio requirirá a aprobación por acordo dos órganos competentes segundo o réxime de delegacións da Alcaldía de ambos Concellos, previa proposta de modificación aprobada polo concelleiro de deportes do organismo promotor da modificación e informada xurídica e economicamente polos servizos de Secretaría- Intervención de ambos Concellos.

Non se considerarán modificacións do presente convenio os que deban aprobarse de maneira complementaria á mesma por mor de concorrencia a subvencións ou axudas.

Décima.- Prazo de vixencia.-

Este convenio terá unha vixencia de catro anos contados a partir a sinatura do mesmo, podendo en calquera momento previo á finalización do prazo indicado acordar a prórroga do mesmo por outro período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

Undécima .- Causas de resolución.-

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo, previa concorrencia do cumprimento dos trámites indicados para a modificación.
- b) Por incumprimento grave e reiterado total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia
- d) Por delegación da prestación do servizo na Deputación Provincial ou noutra Administración públicas, salvo encomendas de xestión temporais.

Décimo segunda - Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo terceira .- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, polo concellos implicados , e no caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso -administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.”

En Alfoz , a 05 de agosto de 2022.- O Alcalde,Jorge Val Díaz.

BECERREÁ*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 04/08/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto do 2022 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 04/10/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 4 de agosto de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2258

COSPEITO*Anuncio***DELEGACIÓN ESPECÍFICA DE VODA****DECRETO DELEGACIÓN ESPECÍFICA****RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 51 do Código Civil, nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos artigos 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no artigo 61.3 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais normativa concordante, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Delegar a favor de D^a. Natividad Miguélez Castro, concelleira do Concello da Cospeito, a atribución para autorizar a celebración dun matrimonio o día 06 de agosto de 2022, ás 13.00 horas, na Casa Consistorial do Concello da Cospeito.

SEGUNDO.– Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.– Comunicar a D^a. Natividad Miguélez Castro a presente Resolución para o seu coñecemento e efectos.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito na data que figura ao marxe; do que eu, como Secretario, dou fe.

Cospeito 05 de agosto de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 2259

O INCIO

Anuncio

LICITACIÓN DE ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA

Por Resolución de Alcaldía núm 2022-0267, de data 09/08/2022, aprobouse o prego de cláusulas administrativas para o alleamento por por poxa pública da vivenda municipal nº 2, sita en Rúa Rodeiro nº 5, A Cruz do Incio.

Por medio do presente anuncio dáse a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

1. Entidade adxudicataria: Concello de O Incio
2. Obxecto do contrato: venda de vivenda municipal n.º 2, sita en Rúa Rodeiro n.º 5, A Cruz do Incio.
3. Tramitación: poxa
4. Orzamento base de licitación: prezo fixado segundo valoración pericial, que será mellorable á alza polas persoas licitadoras.

Referencia catastral	Prezo base de saída	Ive (10%)	Prezo con IVE
4543106PH3244S0001LI	44.932,53 €	4.493,25	49.425,78

5. Obtención de información e documentación: Concello de O Incio, Pza. De España nº 1, O Incio (Lugo); teléfono 982427014 e no perfil do contratante Portada – Contratos Públicos de Galicia (contratos de galicia.gal).

6. Documentación a presentar e requisitos para participar: indicados no prego de cláusulas administrativas particulares.

7. Presentación das ofertas: Rexistro Xeral do Concello de O Incio con domicilio en Pza. De España n.º 1, 27346 O Incio (Lugo), en horario de 09:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no **Perfil de contratante**. Cando as proposicións se envíen por correo, deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico á dirección administracion@concellooincio.gal no mesmo día, consignándose o número de expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

8. Apertura das ofertas: A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións.

O Incio, 9 de Agosto de 2022.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2267

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2022-0521, foi aprobado o PADRÓN SAF- XUÑO 2022, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfíxeron as cotas, iniciarase o

período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, a 27 de xullo de 2022.- Alcalde Accidental, Mario Rouco Rey.

R. 2260

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2022-0514, foi aprobado o PADRÓN PAI -XUÑO 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, a 27 de xullo de 2022.- Alcalde Accidental, Mario Rouco Rey.

R. 2261

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022

Conforme co establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral deste Concello para o exercicio 2022, adoptado en sesión do Pleno ordinario celebrada o día 7 de xullo de 2022; e non sendo presentada alegación algunha ao orzamento aprobado inicialmente e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 160 do 14 de xullo de 2022, procédese á publicación da aprobación definitiva do Concello de Negueira de Muñiz para o exercicio 2022 para os efectos da súa entrada en vigor, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO DE GASTOS 2022		
CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS
1	GASTOS DE PERSOAL	417.893,11 €
2	GASTOS CORRENTES	162.086,51 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.300,00 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	47.945,31 €
TOTAL DO ORZAMENTO DE GASTOS		635.224,93 €

ORZAMENTO DE INGRESOS 2022		
CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	RECURSOS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	240.000,82 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	4.000 €
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	22.264,10 €
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	334.898,29 €
5	INGRESOS PATRIMONIALES	500 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	33.561,72
TOTAL DO ORZAMENTO DE INGRESOS		635.224,93 €

CADRO DE PERSOAL					
FUNCIONARIOS DE CARREIRA					
DENOMINACIÓN PRAZA	Nº DE PRAZAS	GRUPO	C.D	OEP ESTABILIZACIÓN	SITUACIÓN DO POSTO
Habilitado/a Nacional. Subescala Secretaría-Intervención-Tesourería	1	A1	24	NON	Ocupada (titular en comisión de servicios)
PERSOAL LABORAL					
DENOMINACIÓN PRAZA	Nº DE PRAZAS	GRUPO	C.D	OEP ESTABILIZACIÓN	SITUACIÓN DO POSTO
Subescala Administrativa, escala xeral	1	C1	20	SI	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Enxeñeiro técnico forestal	1	A2	22	SI	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Traballador/a Social	1	A2	21	SI	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Conductor- Oficial de Obras e servizos	1	C2	18	SI	Vacante dotada ocupada provisionalmente

Oficial 1ª Servizos Diversos	1	C2	18	SI	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Auxiliar de axuda no fogar (4 horas)	1	C2	14	NON	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Auxiliar de axuda no fogar (5 horas)	1	C2	14	SI	Vacante dotada ocupada provisionalmente
Auxiliar de axuda no fogar e limpadora (4 horas SAF e 4 horas peón /limpadora)	1	C2	14	SI	Vacante dotada ocupada provisionalmente

Negueira de Muñiz, 8 de agosto de 2022.- O Alcalde da Corporación, Jose Manuel Braña Pereda.

R. 2262

A PONTENOVA

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 10/08/2022 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, COA CAUSA DE EXCLUSIÓN E PRAZO DE EMENDA DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE UNHA (1) PRAZA DE ORDENANZA VIXILANTE CONSERXE COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Providencia de Alcaldía	26/04/2022	
Informe de Secretaría	27/04/2022	
Bases Xerais da Convocatoria	29/04/2022	
Acordo da Xunta de Goberno Local aprobando as bases e a convocatoria	05/05/2022	
Anuncio BOP	02/07/2022	
Anuncio DOG	08/07/2022	
Anuncio BOE	11/07/2022	

Rematado o prazo de presentación de instancias e de conformidade co establecido nas bases que rexen dito proceso selectivo,

Vista a imposibilidade de convocar a XGL e considerando o establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.-

Pola presente, **VEÑO EN RESOLVER:**

PRIMEIRO.- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto desta Alcaldía 2019-0186, de data 24/06/2019, para o só efecto desta resolución, dando conta ao devandito órgano colexiado para coñecemento, por mor da urxencia na tramitación.

SEGUNDO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS	DNI	ACHEGA CELGA 2 OU EQUIVALENTE
ÁLVAREZ GONZÁLEZ, YÉSICA	***4805**	SI
ARES LÓPEZ, JESÚS ÁNGEL	***0770**	SI
BASANTA CORNIDE, DELIA	***4598**	SI
BELLO MARTÍNEZ, BEATRIZ	***3523**	SI
DOPACIO SEOANE, PAMELA	***5313**	SI
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, JOSÉ RAMÓN	***9427**	SI
GARCÍA MON, MARÍA	***5625**	SI
GONZÁLEZ VEIGA, LORENZO	***3938**	SI
GUERRA MARTÍNEZ, ROBERTO	***1980**	SI
LAFUENTE VIDAL, ENRIQUE JOSÉ	***6853**	SI
MIRANDA MÉNDEZ, JOSÉ MANUEL	***6675**	NON
NAVIA LOMBARDEIRO, EVA MARÍA	***4293**	SI
PENA COTO, JOSÉ MOISÉS	***1912**	SI
RANCAÑO ÁLVAREZ, TAMARA	***7993**	SI
RIOJA MIGUEZ, DAVID	***4546**	SI
RODRÍGUEZ LÓPEZ, JORGE	***4229**	SI
VILLARONGA LEA, JAVIER	***4655**	SI
YAÑEZ VÁZQUEZ, PABLO	***2622**	SI

RELACIÓN DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN	ACHEGA CELGA 2 OU EQUIVALENTE
ANLLO CABANAS, IRIA	***4487**	<ul style="list-style-type: none"> ANEXO I, NON ESTÁ COMPULSADO NIN É ORIXINAL E NON ESTÁ ASINADO. D.N.I. NON COMPULSADO. TITULACIÓN ACCESO NON COMPULSADA. NON APORTA INFORME MÉDICO. 	NON COMPULSADO
PÁXARO GÓMEZ, EVA	***4013**	<ul style="list-style-type: none"> NON APORTA INFORME MÉDICO 	SI
REGUEIRO LÓPEZ, MARÍA	***3820**	<ul style="list-style-type: none"> ANEXO I, NON ESTÁ COMPULSADO NIN É ORIXINAL. D.N.I. NON COMPULSADO. NON APORTA INFORME MÉDICO. 	NON

ZAS FERNÁNDEZ, DAVID	***7941**	- ANEXO I, NON ESTÁ COMPULSADO NIN É ORIXINAL. - NON APORTA INFORME MÉDICO	SI
----------------------	-----------	---	----

TERCEIRO. Publicar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello: <https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.1>, sinalando un **prazo de dez (10) días hábiles** para corrixir os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos. Este prazo comezará a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Transcorrido o prazo de corrección e emendas resoltas aprobarase a lista definitiva segundo o establecido nas bases que rexen a convocatoria.”

A Pontenova, a 10 de agosto de 2022.- O Alcalde – Presidente, Darío Campos Conde.

R. 2289

RÁBADE

Anuncio

Por resolución do Alcalde en funcións do Concello de Rábade de data **5 de agosto de 2022** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de xullo de 2022**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, a 5 de agosto de 2022.- O Alcalde en funcións, Alejandro Martínez Campos.

R. 2263

SAMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 05/08/2022 acordou a aprobación inicial do expediente 12/2022 de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, a 05 de agosto de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 2264

XOVE

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 8 de agosto dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 14/2.022, de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por importe de 346.000,00 €.

De conformidade co establecido no artigo 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno. Non obstante, por aplicación do apartado 6 do artigo 177 do citado texto legal, o presente expediente terá carácter inmediatamente executivo.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, a 8 de agosto de 2022.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2265
